CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2026

EXPEDIENTE: 2026/G010/000010

Visto o establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e no acordo do Pleno da Corporación, adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 13 de xullo de 2023.

Visto que neste momento estanse a realizar obras na Casa do Concello, polo que non resulta posible proceder á utilización de dito inmoble, incluído o "Salón de Plenos", nunhas condicións óptimas de seguridade, accesibilidade e comodidade, tanto para os membros do pleno como para o público que eventualmente poda asistir á sesión, polo que se considera oportuno e necesario celebrar a sesión plenaria nun lugar distinto e que resulte axeitado para o seu desenvolvemento.

Considerando, en consecuencia, que concorre unha causa de forza maior que habilita o traslado puntual do lugar de celebración da sesión.

Considerando que o Centro de Artesanía Tradicional, edificio de titularidade municipal, ten unha dependencia/sala na segunda planta, que pola súa superficie e demais condicións resulta axeitada para a celebración da sesión plenaria.

Considerando, pois, os antecedentes anteriormente expostos e en uso das facultades que me atribúen o artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión ordinaria do Pleno, que terá lugar **na sala sita na segunda planta do Centro de Artesanía Tradicional (A Camposa-Buño), o vindeiro día 26 de novembro de 2026 (xoves), ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria celebrada o día 17 de setembro de 2026.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día 24 de setembro de 2026.

3º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria celebrada o día 2 de novembro de 2026.

4º.- Aprobación o V Plan de Igualdade de Oportunidades (PIOM) entre mulleres e homes do Concello de Malpica de Bergantiños.

5º.- Mocións de urxencia (artigo 91.4 e art. 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais).

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

6º.- Dación de conta das Resolucións da Alcaldía.

7º.- Mocións (artigo 46.1, letra e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no https://sede.malpicadebergantinos.es (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

CVD: jl5crzsGuzX0yV67A2EM Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.malpicadebergantinos.es/

CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

8º.- Rogos e preguntas.

Segundo.- Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos/ás Sres./Sras. Concelleiros/as, dar traslado á intervención e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).

CVD: jl5crzsGuzX0yV67A2EM Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.malpicadebergantinos.es/

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no https://sede.malpicadebergantinos.es (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).